


UNIDADE 4. As relacións afectivas: aprendendo a querer mellor

PROXECTO: CONFLITOS PROPIOS DA ADOLESCENCIA

Unha [fotonovela](#) é un relato [ilustrado con fotografías](#). En España tiveron un gran éxito nas décadas dos 60 e 70. Aínda que estaban fundamentalmente dirixidas a mulleres gozaron de público de ambos os dous sexos. Proponémosvos que realicedes unha fotonovela que toque, como mínimo, dous conflitos típicos da adolescencia e a súa relación cos estereotipos de xénero.

Existen múltiples ferramentas informáticas para crear fotonovelas, como [StoryboardThat](#). De todas maneiras, pode servir tamén un programa de presentación de diapositivas, ou mesmo realizalo á man. Se non vos presta realizar unha fotonovela, aínda podedes debuxar un cómic.



O castelo de Urquhart, unha fotonovela de David Morgan-Mar. [Licenza CC BY-SA 4.0](#)

1. O proxecto farase en grupos de dúas ou tres persoas.
2. Contido do traballo:
 - a) Portada con título e autores.
 - b) Un relato cunha extensión non inferior a 15 fotografías. No caso dun cómic non será inferior a oito páxinas
 - c) Repartición de tarefas entre os membros do grupo e contraportada.
3. Á hora de ideardes a trama, tede en conta os seguintes aspectos:
 - a) A trama conterá exemplos reais, concretos e actuais de estereotipos asociados a mulleres e homes no ámbito elixido.

Igualdade de Xénero. Unidade 4, Proxecto: Conflitos propios da adolescencia

- b) A trama resultará máis realista se recreades unha historia real, ben que preservando a identidade das/dos protagonistas. Obviamente, debeses excluír calquera contido que poida resultar ofensivo.
 - c) A trama deberá conter algún mecanismo para a resolución pacífica dos conflitos presentados.
4. A valoración do traballo terá en conta:
- a) O realismo e intensidade do conflito exposto, das emocións e dos afectos experimentados polas/os protagonistas e a resolución do mesmo: 4 puntos.
 - b) A presentación, incluída a calidade da expresión escrita ou plástica: 3 puntos.
 - c) A capacidade de traballo en grupo: 3 puntos.